



A titulación de Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas comezou a impartirse o curso 2003-2004 e está adscrita á Escola Técnica Superior de Enxeñaría, situada no Campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo fundamental da titulación é proporcionar unha formación intensiva no deseño, desenvolvemento e aplicacións de Sistemas Informáticos.



Páxina Web da Escola Técnica Superior de Enxeñaría

www.usc.es/etse

Correo electrónico para Consultas sobre a Titulación

etse.etis@usc.es



Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas

www.usc.es/etse

Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Sur
15782 Santiago de Compostela

O obxectivo da titulación é a formación de profesionais competentes, con coñecementos, metodoloxías, valores éticos e hábitos de traballo, no deseño, desenvolvemento e aplicación de sistemas informáticos.

ESPECIALIDADES

A configuración do último curso en base a perfís de especialidade supón unha novidade no Sistema Universitario e permite unha formación especializada en sectores profesionais moi actuais e con unha forte demanda laboral.

- **Administración de sistemas e redes:** Formación en tecnoloxías, protocolos e dispositivos de rede, capaces de instalar, configurar, avaliar e administrar sistemas con garantías de seguridade, así como instalar e administrar servidores web, e desenvolver software que explote os recursos do sistema operativo e faga posible o intercambio de información entre aplicacións pola rede.
- **Internet:** Esta especialidade busca formar profesionais con capacidade para o deseño, instalación, administración e explotación de servidores de web, así coma a utilización de servizos e desenvolvemento de aplicacións avanzadas para a web, e capacidades para avaliar as distintas alternativas tecnolóxicas.
- **Multimedia:** Esta especialidade busca formar profesionais capacitados para ofrecer solucións informáticas no ámbito multimedia, a nivel de deseño e modelado gráfico dixital, deseño de páxinas web, de efectos visuais e de animación.

SAÍDAS PROFESIONAIS

- **Enxeñeiro/a de Sistemas**, en departamentos de informática de empresas e da administración.
- **Enxeñeiro/a de Programación**, en centros de cálculo de empresas e institucións.
- **Consultor/a**, en tecnoloxías da información.
- **Enxeñeiro/a en Aplicacións Multimedia**, en creación 3D, vídeo e audio, programación de xogos, ...
- **Enxeñeiro/a en Aplicacións para Internet**, en follas web, comercio electrónico, marketing e vendas de TIC, ...
- **Investigador/a**, en Universidades e Centros Tecnolóxicos ou Departamentos de I+D+i de empresas.

NOVA INCORPORACIÓN

Número de Prazas (2008-2009)	Nota de Corte (2007-2008)
60	6,43

ASPECTOS MÁIS DESTACADOS DA TITULACIÓN

- Actualizada en formación tecnolóxica e con formación en habilidades moi demandadas polas empresas: lexislación, organización empresarial e recursos humanos.
- Aulas de informática ben equipadas e renovadas periodicamente.
- Grupos reducidos nas clases de teoría e especialmente nas clases de prácticas, que permiten unha atención personalizada
- Titor Persoal (profesor) de apoio durante toda a titulación
- Dispoñibilidade de Aulas Virtuais, vía internet, como foro de consulta de dúbidas e realización de titorías
- Metodoloxía docente: avaliación continua, realización de traballos e desenvolvemento de proxectos fin de materia.
- Programa de prácticas remuneradas en empresas na que participan as principais empresas e organizacións do ámbito das TIC de Galicia.
- Posibilidade de cursar parte dos estudos noutras universidades ao abeiro dos diferentes programas de mobilidade (SICUE, Erasmus, Bilaterais)
- Cooperación cos Colexios Profesionais de Enxeñeiros Técnicos e Enxeñeiros en Informática de Galicia, Asociación de Usuarios de Linux da USC, Oficina de Software Libre da USC, ...

ALGÚNS DATOS DE INTERESE

Aulas de Informática	120 postos en 5 aulas
Laboratorio	15 postos en 1 laboratorio de electrónica
Espazos de Traballo	84 postos con Cobertura Wifi en todo o centro
Biblioteca	174 postos de lectura en sala
Número de cursos	4 cursos académicos (240 ECTS)
Oferta prácticas en empresas*	108 ofertas, 12% realizadas
Oferta mobilidade 2008/2009	21 ERASMUS, 20 SICUE
Baixa taxa de abandono*†	13,1% (media das Enxeñarías en España 28%)
Satisfacción dos estudantes*‡	8,3 sobre 10

* Datos da Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas do curso 2007/2008.

† A taxa de abandono indica a porcentaxe de estudantes que deixan seus estudos.

‡ Resultado das enquisas de Avaliación Docente do profesorado do curso 2007/2008.